



os bolechas

PAPÁ BOLECHAS DOA SANGUE



A solidariedade está dentro de ti

<https://ados.sergas.gal>



PAPÁ BOLECHAS DOA SANGUE




Entra na nosa web e faite do club!

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.
www.osbolechas.gal

Podes informarte de todo o que acontece na familia Bolechas no noso **teléfono**




902 18 20 10



Máis información en **ados.sergas.es**
doadoressangue.ados@sergas.es
ou no teléfono **900 100 828**



Doar sangue é un acto necesario, solidario e gratuíto.
Non se paga a doazón nin se cobra o sangue transfundido.




PAPÁ BOLECHAS DOA SANGUE

Papá Bolechas vai doar sangue nunha **unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS).**


Mamá Bolechas xa doou hai un mes.

Os fillos non poden doar, porque aínda son pequenos.


Uxía, a doutora da unidade móbil, espéraos na porta.



Antes da doazón, a doutora Uxía revisa a saúde de papá Bolechas. Tómallo a **tensión**, mídelo o **pulso sanguíneo**, o **peso** corporal e desbota que teña unha **anemia**.



Os homes poden doar sangue **cada 3 meses** e as mulleres **cada 4**, pero sempre deixando pasar alomenos 2 meses entre cada doazón. Poden doar as persoas maiores que teñan o peso adecuado e non padezan enfermidades que se poidan transmitir polo sangue.



Poden doar as persoas **maiores de 18 anos**.



Deben de estar **ben de saúde**.



Deben de **pesar máis de 50 kg**.


O sangue é un líquido vermello que circula polas veas e arterias. A cantidade de sangue dunha persoa adulta depende da súa altura e do seu peso. Normalmente, teñen entre 4 e 5 litros de sangue.

O sangue realiza funcións vitais para o noso organismo:

Nutritivas: leva os alimentos e elimina os residuos.

Respiratorias: transporta osíxeno a todas as partes do corpo e tamén leva o aire malo aos pulmóns, para eliminalo.

Termorreguladoras: regula a temperatura do corpo.




O sangue está formado polo **plasma** e as **células sanguíneas**.

O **plasma** é a parte líquida do sangue, por onde circulan as células sanguíneas.

As **células sanguíneas** son:

- Os **glóbulos vermellos** ou hemacias.
- Os **glóbulos brancos** ou leucocitos.
- E as **plaquetas**.


As persoas temos **millóns** de células sanguíneas.






PLASMA

É o líquido que leva as células do sangue, os alimentos, as vitaminas...




GLÓBULOS VERMELLOS

Transportan osíxeno a todas as partes do corpo. Tamén levan o aire malo aos pulmóns, para eliminalo.




GLÓBULOS BRANCOS

Son os encargados de defender o corpo contra as bacterias que producen as enfermidades.



PLAQUETAS

Son as encargadas de pechar as feridas, para que non saia o sangue fóra do noso corpo.




Zona de espera

Zona de doazón

Zona de recuperación

Non se pode acudir a doar sangue en xaxún e despois de comer ao mediodía hai que esperar alomenos 2 horas. Antes da doazón, a doutora Uxía **informa** a papá Bolechas das causas que impiden doar.



A doazón dura
entre 7 e 10
minutos.


Na doazón utilízase
material esterilizado
e dun só uso.



Tamén se recollen
uns tubos con
sangue para as
análises.

Papá Bolechas di que **a
extracción de sangue non
doe nada nin debilita o
noso organismo.**

O sangue **non se pode fabricar.**



Papá e mamá Bolechas doan sangue porque
queren **axudar a persoas enfermas e
feridas que o necesiten.**


Os hospitais galegos precisan **500**
doazóns todos os días.

Todas as doazóns de sangue que se recollen cada día en Galicia van **as dependencias centrais de ADOS**. Alí analizan o sangue, sepárano nos **3 compoñentes** e almacénano.

Bolsas de sangue



Tubos de sangue



Centrifugadora



O sangue sepárase en **3 compoñentes**.




Plasma

Plaquetas

Glóbulos Vermellos

Os tubos pasan por moitas análises e controis de calidade.



Hospitais de Galicia

Cada tipo de enfermidade precisa un compoñente do sangue. Unhas persoas precisan plasma, outras plaquetas e outras glóbulos vermellos. Así que, unha soa doazón de sangue pode **axudar a tres persoas** diferentes.



Os **glóbulos vermellos** axudan en moitas intervencións cirúrxicas, a persoas que sofren accidentes de tráfico ou que precisan un transplante de órganos.




As **plaquetas** son necesarias para axudar a doentes con cancro ou leucemia, e tamén nos transplantes de medula ósea, por exemplo.




O **plasma** dedícase ao tratamento de grandes queimados, nos transplantes de fígado e en enfermos que perderon moito sangue.


Os compoñentes do sangue consérvanse na Axencia de Doazón de Órganos e Sangue e **envíanse cada día a todos os hospitais de Galicia**, para que as persoas enfermas recuperen a saúde. Mais o sangue non dura moito, por iso **precisamos doazóns todos os días**.



O plasma consérvase nun conxelador a **30°C baixo cero**.
Dura 2 anos.



Os glóbulos vermellos consérvanse nunha neveira a **4°C**.
Duran 42 días.










As plaquetas consérvanse a **22°C** nunhas bandexas en movemento.
Duran 7 días.

Non todas as persoas temos o mesmo sangue.
Cada unha pertence a un **grupo sanguíneo**.

Os principais grupos sanguíneos son:


A+	AB+
A-	AB-
B+	O+
B-	O-

O **+** lese positivo e o **-** negativo.




Uns días despois de facer a súa doazón de sangue papá Bolechas recibe unha carta na súa casa coas análises realizadas e o seu grupo sanguíneo.

Só 7 de cada 100 persoas son doadoras universais do grupo O . Poden darlle sangue a calquera doente.



Papá Bolechas rematou a súa doazón de sangue. Agora vai á zona de recuperación para beber auga e comer un bocadillo. En poucos minutos xa pode marchar. A doutora Uxía despídese de toda a familia e dálle as grazas a papá Bolechas. –Cando cumprades 18 anos espérovos nesta unidade móbil –dilles aos Bolechas.





A Axencia Galega de Doazón de Órganos e Sangue dispón de locais de doazón de sangue nas 7 grandes cidades de Galicia e 10 unidades móbiles que se achegan cada día a concellos, parroquias, empresas e centros docentes para facilitar a doazón das persoas solidarias.